


## Ruta na Serra



No núcleo principal do concello, na Serra de Outes, temos un patrimonio que merece ser visitado, estes son algúns dos monumentos máis destacados:

*Pazo da Serra.* Construído a partir da antiga fortaleza medieval do século XIV. Foi asaltado na revolta Irmandiña dos anos 1464 e 69 e destruído polos campesiños e burgueses de Outes e Noia. Del só quedan dúas paredes, nunha das cales hai unha porta cun arco de medio punto; na outra engadiuse o escudo dos Soutomaior, Lobeira e Zúñiga, sostido por unha serea. Na actualidade é unha casa privada.



*Ponte da Serra.* Esta ponte medieval separa as parroquias de San Pedro de Outes e Santa María de Entíns. Consta dun único arco de perfil oxival polo que pasan as augas do río Tins.



*Casa de Neto.* Esta é unha bonita obra realizada a principios do século XX. Hoxe convertida nunha fermosa cafetería.



*Casa do Concello.* Leoncio Bescansa realizou esta obra de influencias modernistas no ano 1929. A cor alaranxada dota de luminosidade o seu contorno.



*Monumento a Francisco Añón.* O poeta está presente no centro da vila grazas a este busto que o recorda.

Na rúa Porta da Vila está a *Casa de Pose*, conxunto de gran harmonía nas súas proporcións.



Ao fin da mesma rúa, a *Casa da Cruz*, hoxe convertida en farmacia. Segue conservando as súas tendencias modernistas, grazas ás liñas de gran beleza e orixinalidade que se atopan na súa parte máis alta. A *Casa da Cruz* obsérvase desde distintos puntos de vista, dominando toda a rúa.



Á esquerda temos a zona da cruz, un bonito parque cun coidado e frondoso xardín.

Aqui destaca o *Cruceiro da Cruz* que carece de plataforma e ten un pedestal de planta octogonal. No anverso da cruz un Cristo de boas proporcións e minucioso detallismo. No reverso unha Dolorosa.



Pero se collemos á dereita dende a Casa da Cruz, saindo do centro de Outes, a cincocentos metros atopamos a Casa *de Añón*, onde naceu o noso literato máis ilustre. Desgraciadamente esta construción está abandonada, á espera de ser restaurada.



Fronte a ela érguese o Pazo do mesmo nome , “Pazo de Añón”, de impresionante beleza.



Un pouco mais adiante, collendo un camiño estreito á man dereita chegaremos á Ponte do Ruso.

Se atravesamos a *Ponte do Ruso*, ponte de gran prestancia do século XVIII dun só arco de pedra de medio punto que cruza o río Tines, levaranos ao lugar dos Muiños.

Dende alí, collendo outra vez en dirección ó centro do pobo, ímonos atopar co paseo do río Tines; moi agradable polas árbores autóctonas e polos merendeiros que invitan a que fagamos unha parada para descansar.





### **Algo máis que saber: *Río Tines***



Nace en Mazaricos e ten un percorrido de algo máis de 12 quilómetros. Atravesa Outes dividindo simetricamente a superficie municipal. Despois do Tambre o río Tines é o máis caudaloso. Dependendo da estación do ano en que o observemos, o Tines ofrece un espectacular colorido, son e imaxes.

**Dificultade da Ruta:** Baixa

**Lonxitude:** Paseo pola vila que podemos realizar sen levar unha ruta fixada

## Plano Ruta

